

# NON Á LEI FEIJOO!

***DESMANTELAN A SANIDADE, E AÍND A POR RIBA  
ATRÉVENSE A AMEAZAR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS***

O martes 23 de febreiro aprobouse finalmente no parlamento galego a modificación de lei 8/2008 de saúde de Galicia, tramitada pola vía de urxencia. Saiu adiante cos votos a favor da maioría absoluta do PP.

Basicamente trátase dunha lei na que se contempla a posibilidade de limitar os dereitos fundamentais sen necesidade de declarar o Estado de Alarma.

De qué limitacións de dereitos estamos falando? No texto recóllese a posibilidade de:

- *Vacinación obrigatoria*
- *Tratamentos e probas diagnosticas obrigatorias*
- *Peches de empresas*
- *Incautación de bens*
- *Internamento en centros de aillamento obrigatorio*

Quen poderá exercer esta limitación? Pois as “autoridades sanitarias”, concepto que ademais vese ampliado. Ademais de altos cargos da Xunta e persoal da administración autonómica e local que desenvolva actividades de inspección, serán tamén autoridades sanitarias: “Os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias que (...) teñan asignadas funcións de detección, seguimento e control das enfermidades transmisibles nos supostos de crises sanitarias declaradas ou epidemias.”

Estas medidas violan os principios éticos que rixen a medicina, e contraveñen a Constitución, a *Ley General de Sanidad*, e numerosas cartas de Dereitos Fundamentais, abrindo a porta a unha perigosa arbitrariedade xurídica. Entre as cartas de dereitos que vulnera podemos citar: a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, o Tratado de Helsinki, a Declaración Universal sobre Bioética da UNESCO, o Pacto de San José (Costa Rica), a Carta internacional dos Dereitos Humanos, o Código de Nuremberg, e a Declaración de Xenebra.

**Por contextualizar: esta modificación da lei de Saúde é sacada adiante pola mesma administración que leva unha década recortando a sanidade pública galega, deteriorando as súas condicións laborais, someténdoa a unha elevada sobrecarga de traballo e privatizándoa. E que no ano da pandemia, xa non é só que non compensara estes recortes, senón que non cambiou o seu rumbo de desmantelamento da sanidade pública, para beneficio da privada e para aforrar uns milloncinños cos que despois prevaricar en calquera outra área.**



**Estamos vendo como a Covid ven acentuando un colapso sanitario que xa se manifestaba todos os anos a raíz da gripe, pero máis alá de que outras unidades sanitarias se están empregando para Covid (en detrimento da asistencia a outras enfermidades) NON SE ESTÁN TOMANDO MEDIDAS REAIS PARA REFORZAR A SANIDADE PÚBLICA. Falta contratación, falta mellora das condicións duns servizos sobrecargados polas medidas de aillamento, nomeadamente na Atención Primaria. Este servizo vese particularmente sobrecargado coas novas tarefas que implica a pandemia: detección e rastreo, máis consultas domiciliarias, coordinación da atención nas residencias, vacinación... Pero para atallar estes problemas, non se propón medida ningunha na nova Lei de Saúde, só restrinxen os nosos dereitos. Desde o Goberno estatal tampouco se están levando a cabo medidas que revirtan ou paralicen o proceso de privatización da sanidade, permitido por normativas estatais.**

# A DUREZA DAS MEDIDAS SOCIAIS “DE CONTENCIÓN” SÓ É UN PARCHE SOBRE A MALA XESTIÓN NUNHA SANIDADE XA DANADA

A sanidade pública de grande parte dos estados europeos, do mesmo xeito que outros servizos públicos, ven sendo esquilmada co beneplácito da maioría dos partidos nas décadas recentes, sobre todo desde a crise do 2008. Esta tendencia, que na maioría dos países tampouco cambiou nos últimos meses, é a causa fundamental detrás do colapso que se vive agora cun virus de baixa letalidade (aínda que como é sabido a súa elevada contaxiosidade e certas complicacións que posúe a longo prazo son o que o fan problemático).

**AGORA POLÍTICOS DE DIFERENTES TENDENCIAS CONTRIBÚEN Á CULPABILIZACIÓN DA POBOACIÓN**, mentres poñen en perigo os dereitos máis esenciais nunha deriva claramente totalitaria. Todo **PARA AGOCHAR A SÚA RESPONSABILIDADE POR CONSENTIR ESTES RECORTES NO PASADO RECENTE** e non cuestionar o funcionamento dun sistema baseado no crecemento económico mesmo cando está facendo augas. Para ao fin facernos pagar á crise sanitaria, e xeral, á poboación. Como fan sempre.

## ALGÚNS ANACOS DA LEI FEIJOO:

*“Os profesionais sanitarios (...) poderán solicitar en todo momento a colaboración dos cidadáns e facerlles requirimentos individuais a estes, por razóns sanitarias vinculadas á contención da enfermidade, que serán **de obrigado cumprimento**.”*

*No exercicio das súas funcións, as autoridades sanitarias e os seus axentes poderán solicitar o apoio e a **cooperación** doutros funcionarios públicos, incluídos os **das forzas e corpos de seguridade**.”* (páx. 18)

*“1ª) Medidas de control das persoas enfermas, cando sexa procedente, como o illamento en domicilio, o internamento en centro hospitalario ou o illamento ou internamento noutro lugar adecuado para tal fin.*

*2ª) **Sometemento das persoas enfermas a tratamento adecuado.***

*3ª) Medidas de control das persoas que estean ou estivesen en contacto coas persoas enfermas, como o **sometemento a unha corentena no domicilio ou noutro lugar adecuado para tal fin**. (...)*

4ª) **Sometemento a observación** ou a **medidas de vixilancia** do estado de saúde, a **exame médico** ou a **probas diagnósticas** de persoas que presenten síntomas compatibles coa enfermidade transmisíbel de que se trate ou de persoas respecto das cales existan outros indicios obxectivos de que poidan supoñer un risco de transmisión da enfermidade. (...)

5ª) **Sometemento a** medidas profilácticas de prevención da enfermidade, incluída a **vacinación ou inmunización** (...)" (páx. 22)

"A execución das medidas poderá incluír, cando resulte necesario e proporcionado, a **intervención directa sobre as cousas e a compulsión directa sobre as persoas**, con independencia das sancións que, de ser o caso, se poidan impoñer. Para estes efectos, solicitarase a **colaboración das forzas e corpos de seguridade** que sexa necesaria para a execución das medidas." (páx. 27)

**ESIXIMOS A DEROGACIÓN INMEDIATA DA MODIFICACIÓN DA LEI DE SAÚDE**

**E A DIMISIÓN DE FEIJOO E DOS PARLAMENTARIOS QUE VOTARON A FAVOR DESTA LEI TOTALITARIA**

**Ante a pandemia, a crise, e o aluvión represivo:  
SOLIDARIEDADE, ORGANIZACIÓN POPULAR E APOIO MUTUO !**

**NIN RECORTES NIN ESTADO DE EXCEPCIÓN, REFORZO DA SANIDADE XA !**

**PÓDESE CONSULTAR A LEI EN:**

[https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B110101\\_3.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B110101_3.pdf)

**+info en [saudemutua.noblogs.org](http://saudemutua.noblogs.org)**